

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: XUNTA GOBERNO LOCAL SESIÓN ORDINARIA 20230926

EXPEDIENTE: 2023/G003/001338

EXPEDIENTE ELECTRÓNICO: 2023/G007/000019

De acordo co decreto da alcaldía núm. 899/2023 de data 26 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno Local celebra sesións ordinarias o segundo e cuarto martes de cada mes ás 9:30 horas (nove e media da mañá).

Enterado da relación de expedientes e logo de ver os artigos 81, 82.1 e 113 do ROF e preceptos concordantes;

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a sesión **ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local o día **26 DE SETEMBRO DE 2023 (martes)**, ás **09:30 horas (nove e media da mañá)**, na sala de xuntanzas da alcaldía da Casa do Concello, en primeira convocatoria e, de non haber "quorum" suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois, coa seguinte

ORDE DO DÍA

ASUNTO/S
1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES: - ORDINARIA núm. 2023/16, do 22 de agosto de 2023
2.-LICENZAS DE OBRA: a) Expediente nº: 2023/U022/000025 Promotor: Florentino Maneiro García Obra: División material dunha vivenda en dúas independentes Situación: Rúa Miraflores 17 2ºB Licenza de obra nº: 31/23 b) Expediente nº: 2023/U022/000024 Promotor: PAZOS SUAREZ S.L. Obra: "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA RECONSTRUCCIÓN DE NAVE AGRÍCOLA PARCIALMENTE DERRUÍDA POR INCENDIO" Situación: Paraxe Prado da Lomba. "Catro Ventos", parroquia de Mallón Licenza de obra nº: 32/23
3.-DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA INFORMADOS FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL.
4.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO TITULAR NA ACTIVIDADE INFORMADOS FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL.
5.- CORRESPONDENCIA OFICIAL E INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Xunta de Goberno Local, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión da notificación do presente decreto :

ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

A acta da sesión ordinaria núm. 2023/16, do 22 de agosto de 2023, foi remitida por escrito da secretaría asinado con data 25/08/2023, rexistro de saída núm. 202300000003183/25-08-2023.

Esta resolución notificase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde,

Alberto Romar Landeira

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada

